

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 6, 1-15

Naquel tempo, foi Xesús á outra banda do Mar de Galilea (o de Tiberíades). Seguía unha chea de xente, porque viran os sinais que facía nos enfermos.

Subiu Xesús ó monte e sentou alí cos seus discípulos. Estaba a chegar a Pascua, a festa dos xudeus. Levantou a vista Xesús e, vendo vir tanta xente cara a el, díxolle a Felipe:

- «¿Onde imos mercar pan, para que coma esta xente?»
(Isto dicíao para tentalo, que el ben sabía xa o que ía facer).

Respondeulle Felipe:

- «Nin medio ano de xornal chega para que cada un deles reciba un codelo.»

Un dos seus discípulos, Andrés, o irmán de Simón Pedro, díxolle:

- «Hai aquí un rapaz que ten cinco bolos de pan de cebada e dous peixes; pero, ¿que é iso para tantos?»

Xesús ordenou:

- «Facede sentar a xente.»

Había moita herba naquel sitio. E sentaron como uns cinco mil homes. Entón colleu Xesús os pans e, dando grazas, repartiu ós sentados canto quixeron; e o mesmo fixo cos peixes. Cando se fartaron, díxolles ós seus discípulos:

- «Recollede os anacos sobrantes, para que non se estrague nada.»

Entón xuntáronos e encheron doce cestas cos anacos dos cinco bolos de pan de cebada, que lles sobrarian ós que comeron.

O veren aqueles homes o sinal que fixera, dicían:

- «Este si que é o profeta que había de vir ó mundo.»

Entón Xesús, decatándose de que o ían vir coller para proclama-lo rei, retirouse só outra vez ó monte el só.